

## Bono turístico: #QuedamosenGalicia21

### A quen vai dirixido?

Persoas físicas maiores de idade. empadroadas en Galicia.

### Requisitos

1. Poderán ser beneficiarias deste Bono turístico #QuedamosenGalicia21 as persoas físicas maiores de idade, que estean empadroadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Cada persoa física unicamente poderá solicitar e ser adxudicataria dun Bono turístico #QuedamosenGalicia21.
3. Non poderán solicitar nin ser beneficiarias desta nova edición do Bono turístico #QuedamosenGalicia21, as persoas que xa resultaran beneficiarias na primeira edición do Bono turístico.

<https://www.turismo.gal/QuedamosenGalicia2>

### Órgano responsable

**Axencia Turismo de Galicia**

### Normativa

Resolución do 7 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, da tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia21

#### **Solicitudes e declaracións responsables .**

1. As persoas interesadas que desexen optar ao Bono turístico #QuedamosenGalicia21 deberán presentar a súa solicitude, conforme o modelo do anexo II, obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

apertura: 14/04/2021 - 02/11/2021

informate na Axencia de turismo de Galicia ou no servizo de desenvolvemento do concello de Vilar de Barrio .